

Galeg@ para sempre



_____, con doc. de identidade _____

Declaro que

Eu son galeg@, e quero selo para sempre. E entendo que o xeito principal de asumir, querer, recoñecer, visibilizar, sentir e expresar a miña galegitude é a través da lingua.

Sendo isto así agora, gustárame que seguise a ser así sempre, e que se me recordase nesa lingua propia coa que me sinto identificad@. Polo tanto, gustárame que despois da miña morte fose o galego o idioma en que se me lembrase.

Por isto, manifesto:

- 1.º Que a lingua galega é a miña lingua propia, que me sinto identificad@ con ela, que quero que me acompañe sempre e a que me gustaría que se usase para lembrarme.
- 2.º Que chegada a hora do meu pasamento, gustárame que todo o relativo aos posibles actos fúnebres e enterro sexan realizados en lingua galega e, polo tanto, pídolles á miña familia, ás amizades, ás autoridades relixiosas e civís e aos servizos funerarios que fagan en lingua galega canto teñan que facer, público ou privado, oral ou escrito.
- 3.º Que, se terceiras persoas, sexan da familia ou autoridades relixiosas ou civís, non soubesen desta miña vontade ou quixesen non a cumprir, pido a calquera outro familiar, amiga ou amigo ou calquera outra persoa que tivese coñecemento deste desexo meu, que o dea a coñecer e que faga o posible para que se cumpra.

Carballo, 30 de outubro de 2013